

Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Dirección e xestión deportiva		Código	620G01038
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Gambau i Pinasa, Vicente	Correo electrónico	vicente.gambau@udc.es	
Profesorado	Gambau i Pinasa, Vicente	Correo electrónico	vicente.gambau@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Unha das poucas materias deste novo plan de estudos que introducen ao ámbito profesional da dirección e xestión deportiva.</p> <p>Esta materia ofrece unha visión xeral da dirección e xestión no sector da educación física, actividade física e do deporte, traballa as competencias do procedemento de intervención profesional na dirección de servizos deportivos, e desenvolve competencias de análises e diagnose, planificación estratéxica, dirección operativa de proxectos, control e avaliación, e establece a importancia da responsabilidade profesional no exercicio profesional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A10	Coñecer os distintos niveis da lexislación educativa e aplicar os fundamentos básicos que promove en canto á Planificación e Programación Didáctica da Educación Física nas etapas educativas.
A29	Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social.
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A33	Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
A36	Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional.
B1	Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B7	Xestionar a información.
B10	Saber aplicar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
B12	Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles.
B14	Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.
B16	Dominar habilidades de comunicación verbal e non verbal necesarias no contexto da actividade física e o deporte.

Código Seguro De Verificación	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



B17	Promover e avaliar actividades de ampliación curricular, referentes á creación de hábitos autónomos de actividade física e deporte.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos	A32		
	A34		
Seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva no contexto educativo, deportivo, recreativo e da actividade física e saúde	A33		
Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.	A34		
Coñecer e saber aplicar as novas tecnoloxías da información e a imaxe, tanto nas ciencias da actividade física e do deporte, como no exercicio profesional	A36		
Coñecer e posuír a metodoloxía e estratexia necesaria para a aprendizaxe nas ciencias da actividade física e do deporte		B1	
Asumir a responsabilidade, ética, respecto e compromiso, no exercicio da profesión		B5	C4
		B12	C7
		B19	
Desenvolver habilidades de dirección relativas á resolución de problemas, traballo en equipo e autonomía		B2	
		B3	
		B4	
		B6	
		B11	
		B17	
		B20	
Xestionar a información e a comunicación		B7	
		B10	
		B16	
Comprender e aplicar a lexislación vixente relativa ao marco das actividades físicas e deportivas nos distintos ámbitos: educación, deporte, xestión, lecer e saúde.	A10	B14	
Identificar os riscos para a saúde que se derivan da práctica de actividade física insuficiente e inadecuada en calquera colectivo ou grupo social	A29		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Fundamentos da dirección e xestión deportiva	1.1. Concepto 1.2. Evolución 1.3. Actividade profesional 1.4. Problemáticas

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. A dirección e xestión deportiva: procedementos profesionais	2.1. Análise e diagnóstico 2.2. A planificación estratéxica 2.3. A planificación operativa 2.4. A execución 2.5. O control 2.6. A avaliación
3. Dirección de proxectos deportivos	3.1. Concepto de proxecto 3.2. Directrices para a dirección e xestión de proxectos. 3.3. Prácticas de xestión integrada do proxecto 3.4. Prácticas de xestión do proxecto 3.5. Organización de eventos deportivos como proxecto
4. A intervención profesional no ámbito da dirección do deporte.	4.1. Ocupacións profesionais na xestión deportiva 4.2. O perfil profesional 4.3. As habilidades directivas 4.4. A responsabilidade profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A36 B10	1	1	2
Sesión maxistral	A32 A33 A34 B12 B17 B19 B20 C4 C7	12	0	12
Traballos tutelados	A29 A32 A33 A34 B4 B14 B16	12	24	36
Proba mixta	A32 A33 A34	3	9	12
Estudo de casos	A32 A33 A34	10	30	40
Portafolios do alumno	A10 A32 A33 A34 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B11	11	33	44
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	<p>PARTICIPACIÓN ACTIVA: Sesións presenciais en aula ou telemáticas sobre teoría da dirección e xestión aplicada aos servizos de educación física e deportiva.</p> <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Traballos tutelados	TRABALLO TUTELADO: Elaboración e presentación grupal de temáticas de dirección e xestión deportiva seguindo as pautas do profesor da materia expostas en clase e na documentación do Campus Virtual UDC

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Proba mixta	<p>EXAMEN OFICIAL: A proba mixta final dispón de dúas partes: una proba obxectiva multiítem sobre os coñecementos da materia(SABER) e una proba obxectiva multiítem sobre os contidos teórico-prácticos (SABER FACER)</p> <p>Aplicarase un factor corrector do azar.</p> <p>Os contidos da proba incluírán apuntes de clase e a documentación complementaria da materia.</p>
Estudo de casos	<p>PRÁCTICAS DE AULA: Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Portafolios do alumno	<p>INFORME DE MÉRITOS: É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Toda comunicación relacionada coa materia entre profesor e estudante será exclusivamente mediante o SERVIZO DE CHAT PRIVADO DE TEAMS UDC.</p> <p>As TITORÍAS poderán ser ordinarias (presenciais ou telemáticas), extraordinarias de avaliación, de revisión de notas o de reclamación sobre cualificacións.</p> <p>a) Titorías presenciais: O profesor atenderá no horario de tutorías calquera consulta, suxestión ou problemática do estudiantado. As titorías en período de exames terán horarios diferentes. Deberán confirmarse por anticipado. Para iso as persoas interesadas solicitarán, mediante o servizo de Chat privado de Teams UDC, o día e hora que desexen, dentro do horario de titorías, aportando os seus datos, curso e grupo.</p> <p>b) Titorías telemáticas: Para calquera suxestión ou petición persoal por escrito dispónse exclusivamente do servizo de Chat privado de Teams UDC.</p> <p>c) Titorías extraordinarias de avaliación: Exposición e defensa de contidos da avaliación a petición do profesor, dentro do horario habitual de titorías.</p> <p>d) Titorías de revisión de notas: O estudiantado poderá revisar os seus contidos de avaliación nas horas convidadas para tal fin de forma individualizada.</p> <p>e) Titorías extraordinarias de reclamación sobre cualificacións: Calquera problemática respecto de a avaliación de exames ou doutros contidos, será tratada en horario de Revisión de notas. Consultar o procedemento nas NORMAS DE DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIONES DOS ESTUDOS DE GRADO E MAESTRADO UNIVERSITARIO</p> <p>Para calquera cuestión de interese colectivo ou de debate grupal poderase utilizar o Foro De Novas creado para tal efecto no Campus Virtual UDC.</p> <p>Ante calquer tipo de problemática no desenvolvemento da materia, rógase acudir en primeira instancia ao profesor. Si deséxase permanecer no anonimato, é importante insistir aos Representantes de Estudantes que se dirixan en primeira instancia ao profesor.</p>

Avaliación
------------

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A32 A33 A34 B12 B17 B19 B20 C4 C7	Participación activa nas sesións presenciais	5
Portafolios do alumno	A10 A32 A33 A34 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B11	Presentación dos méritos de aprendizaxe permanente realizados durante o curso	15
Traballos tutelados	A29 A32 A33 A34 B4 B14 B16	Elaboración e presentación grupal de temáticas de dirección e xestión deportiva seguindo as pautas do profesor da materia expostas en clase e na documentación do Campus Virtual UDC	40
Proba mixta	A32 A33 A34	A proba mixta final dispón de dúas partes: una proba obxectiva multiítem sobre os coñecementos da materia(SABER) e una proba obxectiva multiítem sobre os contidos teórico-prácticos (SABER FACER) Aplicarase un factor corrector do azar. Os contidos da proba incluírán apuntes de clase e a documentación complementaria da materia.	25
Estudo de casos	A32 A33 A34	Prácticas de Aula.	15

**Observacións avaliación**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. Todo o estudantado, incluídos os/as estudantes con dedicación a tempo parcial, opta pola Avaliación oficial DXD. A avaliación da materia consta de catro apartados que corresponden a catro competencias básicas: avaliación dos coñecementos achegados en sesións teóricas de aula (saber), avaliación dos procedementos teórico-prácticos (saber facer), avaliación das actitudes (saber estar), e avaliación da comunicación dos aprendizaxes do propio estudantado (facer saber).

2. A porcentaxe mínima de asistencia para a avaliación será do 75 %. Valorase a participación activa. No caso de estudantado que, por causa justificada segundo normativa UDC, non alcance a porcentaxe de presencialidade establécese a seguinte alternativa: Entre 65 e 74 % Lectura complementaria con defensa do contido. Entre 50 e 64 % Traballo de recensión sobre un libro de dirección e xestión deportiva acordado co profesor con defensa do contido. Menos do 50 %: Elaboración dun proxecto dun servizo deportivo ou acontecemento deportivo seguindo a actual norma de calidade de proxectos AENOR.3. Na Avaliación Oficial DXD, o estudantado deberá realizar os contidos mínimos seguindo as directrices da guía docente e das instrucións para a elaboración de traballos de avaliación da plataforma virtual UDC independentemente da 1ª ou 2ª oportunidade.4. Mantemento de notas na segunda oportunidade e nas convocatorias posteriores

Os criterios de avaliación son iguais para a primeira e segunda oportunidade. As partes aprobadas da materia manteranse durante as dúas oportunidades do mesmo curso académico e, si é o caso, durante a convocatoria adiantada de decembro. Cada estudante deberá adaptarse aos novos criterios da guía docente do curso no que estea matriculado. Para manter as notas dun curso para outro, é necesario solicitalo no prazo establecido ao comezo do novo curso. 5. Disponibilidade dos idiomas en relación as probas escritas de avaliación O idioma no que se presentará/n a/s proba/s de avaliación será o galego. A solicitude do idioma da proba en castelán realizarase unha semana antes da convocatoria oficial. 6. Durante as sesións presenciais, queda prohibido o uso de dispositivos con pantalla (teléfonos móbiles, tabletas, computadores portátiles, etc.) para evitar distraccións e manter a atención, salvo naqueles casos en que o profesor autorice o seu uso para actividades concretas ou cando os estudantes demostren que os utilizan exclusivamente para tomar apuntamentos.

7. Nas probas online, se empregará a plataforma da UDC ou sistemas recoñecidos por esta. 8. Implicacións de plaxio na realización das probas ou actividades de avaliación: A realización fraudulenta de proba ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se comete: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).9. Criterios de avaliación para todo o estudantado: A proba escrita final consistirá en unha proba obxectiva multiítem. Preguntas obxectivas, V/F, preguntas de resposta breve e unha pregunta de desenrolo dun tema breve. Aplicarase un factor corrector do azar. Os contidos da proba incluírán contidos de clase e a documentación complementaria da materia. Os criterios de avaliación de cada contido serán expostos en clase e serán publicados no Campus Virtual UDC. Os criterios que rexen a avaliación son os que garanten a consecución dos obxectivos do programa, cumprindo cos principios xerais de igualdade, equidade, seguridade documental e boa fe. A cualificación final obterase da media de todos os contidos, a condición de que cada contido alcance, como mínimo, o 50 % do seu valor. Establécese entre os requisitos necesarios para superar a materia, pasar correctamente os controis de seguimento, a defensa apropiada dos contidos a petición discrecional do profesor, e non cometer ningún erro grave respecto dos criterios de avaliación.10. Presentación / entrega de traballos: Presentación total. Nos contidos que estean constituídos por varios traballos, terase en conta a presentación de todos eles para a elaboración da nota correspondente. A presentación de traballos en soporte dixital realizarase coidando aspectos formais de presentación, estruturais e de contido. Rexeitarase todo soporte dixital que non dispoña da identificación adecuada (nome e apelidos, código da materia, curso, índice de contidos e denominación oficial dos arquivos) ou cando o soporte dixital non teña traballada a súa presentación. Para valorar integramente os contidos, non poderán aparecer erros tipográficos nin faltas de ortografía. Os arquivos con formato ilexible non poderán ser avaliados. A entrega de traballos no Campus Virtual UDC e no prazo acordado son requisitos inescusables. Contemplase a posibilidade de opcións alternativas de avaliación para casos especiais xustificadas e contemplados na normativa UDC.

#### Fontes de información

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1Smb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1Smb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1Smb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Soucie, Daniel (2002). Administración, Organización y Gestión Deportiva. Barcelona: Inde Publicacione</li> <li>- Ferrand, A.C.; Nardi,M.; Gambau, V. (2012). Marketing en el Fitness. Gestión de serviciosdeportivos: fidelizar y captar nuevos clientes. Barcelona: Paidotribo</li> <li>- Mullin, B &amp; Hardy, S &amp; Sutton, W. (1993). Marketing deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo</li> <li>- Grönroos, C. (1994). Marketing y gestión de servicios. Madrid: Díaz de Santos</li> <li>- Zeithmal, V. A.; Parasuraman, A; Berry, L. L. (1993). Calidad total en la gestión de servicios. Madrid: Díaz de Santos</li> <li>- Quesada, Sergio y Díez, Mª Dolores (2002). Dirección de Centros Deportivos. Principales Funciones y Habilidades del Director Deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo</li> <li>- Senllé, Andrés (2004). Calidad en las organizaciones deportivas. Todo lo que necesita saber . Barcelona: Gestión 2000</li> <li>- Campos, Carlos. (2004). Dirección y Marketing de servicios deportivos. Barcelona: Ed. Gestió i Promoció Edit.</li> <li>- Desbordes, M; Ohl, F; Tribou, G. (2001). Estrategias del marketing deportivo. Análisis del consumo deportivo. Barcelona. Ed. Paidotribo</li> <li>- Luna Aroca, Roberto (2000). Bases para la dirección de entidades deportivas. Valencia. Ed. Promolibro.</li> <li>- Sánchez, P.; Barajas, A.; Fraiz J.A. (2006). Guía de indicadores de xestión deportiva en Galiza. A Coruña: Toxosouts S.L.</li> <li>- Velásquez E.; Liliána S. (2015). El contrato de patrocinio deportivo. REUS, S.A</li> <li>- Mediavilla, Gerardo (2001). Comunicación corporativa en el deporte. Madrid: Ed. Gymnos</li> <li>- Sánchez Buján, Pablo (2004). Hacia una gestión de calidad en los centros deportivos. Madrid: Gymnos</li> </ul>
----------------------------	---

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Acosta, R. (1999): Dirección, gestión y administración de las Organizaciones deportivas. Barcelona: Paidotribo. Alberto, C.; Hernando, V.; Fernández, J.A. (1996): Gestión y dirección de empresas deportivas. Madrid: Gymnos. Aragon, Pedro (1991) Técnicas de dirección y marketing para entidades deportivas. Málaga: UNISPORT / IAD. Ayora, D. y García, E. (2004) Organización de eventos deportivos. Barcelona, INDE. BLOSO. (1984) Las relaciones públicas al servicio del deporte para todos. Barcelona. INEFC. Calonge, Angel Luis (1999) La organización y administración de clubes deportivos: manual práctico de gestión. Modalidad fútbol. Madrid: Civitas Ed. Campos, Carlos. (1997). Marketing y patrocinio deportivo. Barcelona: Ed. Gestió i Promoció Edit. Carroggio, Marc. (1996) Patrocinio Deportivo. Del patrocinio de los Juegos Olímpicos al deporte local. Barcelona: Ed. Ariel Comunicación. Celma, Joan (2004) ABC del gestor deportivo. Barcelona: INDE. Chazaud, Pierre. (1983) Le sport et sa gestion. Paris: Ed. Vigot. Da Boa De Jesús, Manuel (1989). Promoción deportiva. Algunas consideraciones. Málaga: Unisport / IAD. De la Plata, N. (2001) Los Servicios Públicos Deportivos. Serie Estudios Europeos nº 11. Madrid: Universidad Europea - CEES Ediciones. IADEscuela Canaria del Deporte (1997) Patrocinio y financiación de actividades deportivas. Islas Canarias: Dirección General de Deportes del Gobierno de Canarias. Escuela Canaria del Deporte (1998) Organización de eventos deportivos. Islas Canarias: Dirección General de Deportes del Gobierno de Canarias. Fernández-Rivera, Iñigo (2000) Consejos para la búsqueda de un patrocinio deportivo. Cuadernos Kirołgi nº 2. Gipuzkoa, Ed. Fundación Kirołgi. Gallardo, Leonor y Jiménez, Antonio (2004) La gestión de los servicios deportivos municipales. Vías para la excelencia. Barcelona, INDE. García Ferrando, M.; Puig, N. y Lagardera, F. (2002) Sociología del Deporte. (2ª edición REVISADA) Madrid: Ciencias Sociales-Alianza Editorial. Gil, Jose (1995): Cómo organizar una competición deportiva. Barcelona. Ed. Flash Books. Heinemann, Klaus (1999). Sociología de las organizaciones voluntarias. El ejemplo del club deportivo. Estudios de economía y sociología. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch. Heinemann, Klaus (1999). Introducción a la economía del deporte. Barcelona: Ed. Paidotribo. Howell, Denis (CCPR) (1988) Comité de investigación sobre el patrocinio en el deporte. Informe Howell. Málaga: Unisport / IAD. Landaberea, Juan Antonio (1992) El contrato de sponsorización deportiva. Pamplona: Aranzadi. Landaberea, Juan Antonio (2000) Guía práctica para elaborar contratos de patrocinio. Cuadernos Kirołgi nº 1. Gipuzkoa, Ed. Fundación Kirołgi. Loret, Alain (1995) Sport et Management: de l'éthique à la pratique. Paris. Revue EPS. Martín, Oscar (1996). Manual práctico de organización deportiva: Claves para un rendimiento óptimo. Madrid: Ed. Gymnos. Martínez del Castillo, Jesús (Comp.) (1999) Deporte y calidad de vida. AEISAD. Ed. ESM. Madrid. Mestre Sancho, Juan A. (2004): Estrategias de gestión deportiva local. Barcelona. Ed. INDE. Mestre Sancho, Juan A.; García Sanchez, Eduardo (1997). La gestión del deporte municipal. Barcelona. INDE Publicaciones. Mestre Sancho, Juan A. (1997): Planificación deportiva: teoría y práctica: bases metodológicas para una planificación de la educación física y el deporte. Barcelona. Ed. INDE. Mestre Sancho, Juan A. (2002): Planificación estratégica de la gestión de Piscinas. Barcelona. INDE Publicaciones. Mestre Sancho, Juan A.; Brotóns J. M.; y Álvaro, M. (2002): La gestión deportiva: clubes y federaciones. Colección Gestión y Deporte. Barcelona: INDE Publicaciones. Paris, Fernando (1996) La planificación estratégica en las organizaciones deportivas. Barcelona: Ed. Paidotribo. Parks, Janet B.; Zanger Beverly RK. (1993) Gestión Deportiva: Estudios y especialidades profesionales. Barcelona: Ed. Martínez Roca. Pires, G. (1995): Desporto. Planeamento e gestão de proyectos. Ciências do desporto. Lisboa. Ed. FMH. Traducción de Blanco, E. (1999) Deporte Planificación y gestión de proyectos. A Coruña, INEFG. Rebollo, Socorro y Latiesa Margarita (Eds). (2002) Salidas Profesionales en el campo del Turismo Deportivo. Málaga: Empresa Pública Turismo Andaluz / Instituto Andaluz del Deporte. Rivas, J.M. (1996): Planificación das actividades deportivas nos concellos. Santiago de Compostela: Ed. Lea D.L. Slack, Trevor (1997) Understanding sport organizations: the application of organization theory. USA: Ed. Human kinetics. Solidaridad Olímpica (1992). Escuela Itinerante: Manual de Marketing. Lausanne: Comité Olímpico Internacional. Triadó, Xavier. (1996) El marketing en la gestión deportiva. Barcelona: GPE Colección Gestión Deportiva. Valls, Josep Francesc (2004) Gestión de empresas de turismo y ocio. Barcelona: Gestión 2000 / ESADE. Wilkinson, David (1989) Le marketing du sport. Paris: Editions Revue EPS.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Estrutura e organización deportiva/620G01026	
Creación e dirección de empresas deportivas/620G01029	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>
<p>1. É moi importante estar ben informado para o correcto seguimento da materia. Recoméndase visitar a Facultade virtual regularmente, ler os documentos que serven de guía para as actividades académicas dirixidas, e asistir ás titorías co profesor. 2. É importante que cada estudante coñeza os órganos de representación e os dereitos e obrigacións do estudantado, así como o funcionamento dos procesos administrativos. Recoméndase coñecer a guía do/a estudante da UDC. 3. Será de aplicación o principio de xerarquización das fontes de Dereito: Para a toma de decisións haberá primacía do Dereito escrito e a primacía da norma emanada dos órganos superiores. É a escala normativa: Os convenios, as normas da materia, esta Guía docente, o Regulamento de Réxime Interno do Departamento CAFyD, os regulamentos e Estatutos da Universidade (UDC) e a lexislación superior. 4. Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuatrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia.</p>

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

<b>Código Seguro De Verificación</b>	K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física - José Andrés Sánchez Molina	Asinado	15/07/2025 13:38:49
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/K1SMb2KTVFufPqfksnI0NA%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

